

Salarios desde o punto de vista do perceptor: Salario bruto anual segundo a ocupación (CNO 11)

Resumo de resultados 21/05/2021

ÍNDICE

Salario bruto anual segundo a ocupación	1
Ganancia por hora segundo a ocupación	2
Definicións, fontes e máis información	3

Salario bruto anual segundo a ocupación

A ocupación é unha das variables que máis inflúen no nivel salarial. Os salarios dos tres primeiros grupos (“*Directores e xerentes*”, “*Técnicos e profesionais científicos e intelectuais*” e “*Técnicos e profesionais de apoio*”) son superiores á media, tanto en Galicia como en España. En Galicia, no ano 2018, no grupo dos “*Directores e xerentes*” é onde se acada o salario bruto anual máis alto (61.505,67 euros) e supera nun 176,50 % ao salario medio; en España o salario deste grupo acada no ano 2018 a cifra de 54.341,32 euros e supera nun 126,34 % ao salario medio.

Ademais, existen grandes diferenzas entre o primeiro grupo, o de “*Directores e xerentes*”, e os restantes. En Galicia, os salarios deste primeiro grupo son un 89,67 % superiores aos do grupo de “*Técnicos e profesionais científicos e intelectuais*” e en España un 57,48 %.


Salario bruto anual segundo a ocupación. Galicia e España. Ano 2018

Unidade: Euros

Ocupación	España	Galicia
Total	24.009,12	22.244,59
Directores e xerentes	54.341,32	61.505,67
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	34.505,80	32.428,28
Técnicos, profesionais de apoio	29.261,35	28.747,98
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	21.730,58	20.439,98
Traballadores dos servizos de restauración, personais, protección e comercio	17.047,80	14.938,80
Artesans e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria)	22.617,64	20.889,20
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	23.184,12	21.246,59
Ocupacións elementais	15.163,76	14.816,48

As ocupacións menos remuneradas son as “*Ocupacións elementais*” e os “*Traballadores dos servizos de restauración, personais, protección e comercio*”, nas que o salario bruto non acadaba en Galicia no ano 2018 os 15.000 euros anuais.

Ao comparar o salario bruto anual de Galicia con España nos distintos grupos de ocupación, pódese observar que as ocupacións onde menor diferenza existe son os “*Técnicos, profesionais de apoio*”, “*Ocupacións elementais*” e os “*Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina*”. Nas restantes ocupacións, só no grupo de “*Directores e xerentes*” o salario bruto anual en España no ano 2018 no supera ao rexistrado en Galicia.




Ganancia por hora segundo a ocupación

A comparación dos salarios segundo a ocupación en termos de ganancia por hora reflicte basicamente os mesmos resultados que ao considerar o salario bruto anual.

Ganancia por hora segundo a ocupación. Galicia e España. Ano 2018

Unidade: Euros

Ocupación	España	Galicia
Total	11,95	10,97
Directores e xerentes	23,78	26,06
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	17,43	16,27
Técnicos, profesionais de apoio	13,80	13,06
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	10,70	9,83
Traballadores dos servizos de restauración, personais, protección e comercio	9,10	8,06
Artesans e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria)	10,34	9,54
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	10,84	10,40
Ocupacións elementais	8,40	7,89



Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Salario bruto anual por sexo e ocupación. Galicia e España
- Ganancia por hora segundo sexo e ocupación. Galicia e España

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE